

PLAN DE CONVIVENCIA
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E
FUNCIONAMIENTO

CEIP SANJURJO DE CARRICARTE

CURSO 2016/2017

INTRODUCCIÓN

PRINCIPIOS XERAIS

Tendo como referente o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, iniciamos este documento para dar fiel cumprimento á normativa citada e dar así formato a un plan de acción que sexa operativo, áxil, e referente en calquera momento da vida cotiá do citado centro e que ten que ser revisado para analizar e reflexionar sobre se responde á unha experiencia práctica e efectiva.

As normas de organización e funcionamento (NOF) do noso centro inclúen **as normas de convivencia** que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e facilitaremos o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

As normas de convivencia, teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado, un clima de respecto mutuo.

Asemade, busca a procura dunha educación baseada no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das personas.

En particular, as normas de convivencia de cada centro docente concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no decreto DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro.

Aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia

As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no plan de convivencia do centro.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

QUE E POR QUE DO PLAN

Unha comunidade educativa é o conxunto dos diferentes grupos humanos que interveñen e conviven dentro do espazo educativo que forma o centro escolar. Así entendemos que estos diferentes grupos son:

ALUMNADO

PROFESORADO

FAMILIAS

PERSOAL NON DOCENTE

Tódalas interrelacións que se producen entre os diferentes membros da Comunidade educativa necesitan un cauce para a convivencia. Estas interrelacións poden producirse entre membros do mesmo grupo pero tamén entre membros de grupos diferentes.

Estas interrelacións xeran a necesidade de establecer unhas pautas consensuadas que sirvan como base para establecer unha boa convivencia.

Ademais esta comunidade educativa está inmersa nunha contorna social que entra e sae do centro aportando e recibindo interaccións dende él.

Este grupo o conforma o:

BARRIO

QUE E COMO SOMOS

O CEIP Sanjurjo de Carricarte está situado no barrio de Monte Alto, ao Noroeste da cidade de A Coruña. É este un barrio moi poboado e en

constante crecemento dado e elevado número de edificios que se están a construír.

Somos un centro de unha liña de Infantil e Primaria. Nestes últimos cursos aumentou bastante a matrícula co que podemos decir que a nosa ratio (25 por aula) salvo algunha excepción está sempre completa.

INSTALACIÓNS

En canto a instalacións ademais das aulas correspondentes a cada titoría (tres de educación infantil e seis de educación primaria) o centro conta coas seguintes aulas específicas:

- 1 aula de música
- 1 aulas de idiomas 1 aula de TXD
- 1 aula de PT
- 1 aula de AL
- 1 sala de psicomotricidade.
- 1 aula de orientación.
- 2 aulas de informática con acceso a Internet (Concello e Xunta)
- 1 laboratorio
- 1 biblioteca
- 1 salón de actos/sala de usos múltiples
- O colexio pode utilizar para as clases de educación física o pavillón municipal sito ao lado do colexio con acceso dende o propio centro.

O centro dispón de secretaría, despacho de dirección, despacho de xefatura de estudos e sala de mestres/as.

En canto a aseos hainos nas dúas plantas tanto para alumnado como para profesorado. Os servicios habilitados para Educación Infantil están na planta baixa.

No exterior do centro hai dúas zonas claramente diferenciadas: unha, diante do colexio con una zona de xogos para educación infantil; outra na parte de atrás, con pista de fútbol e zona de xogo libre. Tamén se dispón de dous pequenos patios cubertos que non cobren en absoluto as necesidades dos días de chuvia. A necesidade de mellorar os espazos externos e de xogos son os que centraron as nosas acción para mellorar a convivencia A TRAVÉS DE UN PROXECTO PARTICIPATIVO durante os cursos 2015/16 e 2016/17 e que máis adiante explicaremos.

En canto ao factor humano:

ALUMNADO

Somos un grupo de escolarización preferente para alumn@s con TXD o que provoca a necesidade de reflexionar amplamente sobre a integración e a inclusión.

Asemade queremos facer no plan especial fincapé nos aspectos relacionados coa coeducación e a igualdade de xénero.

Nos parece tamén moi importante fomentar as relacións interxeneracionais non só entre o alumnado de diferentes niveis senón tamén cos grupos de adultos cos que se relacionan.

PROFESORADO

Somos un grupo pequeno de profesoras e profesores. A maioría de nós conta con destino definitivo no centro.

Cabe salientar que no momento da redacción de este documento o equipo directivo está nomeado pola inspección polo que este curso 2016/17 rematará o seu período e quedará vacante a praza de dirección.

FAMILIAS

As nais e pais que así o desexan poden asociarse na Asociación de nais e pais “Eduardo Sanjurjo”. Esta ANPA xestiona o comedor escolar en colaboración co Concello e a federación de ANPAs. Dito comedor funciona con catering e o serve a empresa de hostelería VIVA. A ANPA tamén organiza en horario de tarde actividades extraescolares deportivas ou culturais como por exemplo taekwondo, natación, debuxo, inglés, robótica, baile moderno, pandeireta, teatro en familia.

A relación coas familias a nivel pedagóxico faise a través das citas de titorías tódolos luns de 18:00 a 19:00. Temos estipuladas dúas reunións anuais de titoría xeral unha no mes de outubro e outra en xaneiro.

En xeral a comunicación e os avisos oficiais se fan a través de circulares escritas e de publicacións na páxina web.

Pero nestes derradeiros cursos vimos observando que as familias demandan outro tipo de comunicación máis cotiá así como máis participación nos proxectos do colexio.

Neste momento a comunicación entre familias sexan ou non da ANPA e equipo directivo é moi fluída e tentamos xerar espazos de participación que máis adiante describiremos.

PERSONAL NON DOCENTE

O centro conta co seguinte persoal non docente:

Un conserxe.

Dúas limpadoras.

Unha coidadora. Ocúpase da atención aos alumnos de TXD.

BARRIO

Salvo pequenas excepción as alumnas e alumnos do centro viven na súa área de influencia e por iso a presenza da contorna é moi importante.

Asemade temos unha relación estreita tanto coa biblioteca municipal como co centro cívico.

A asociación de veciños colabora con nós en moitas actividades como pode ser a visita do “Apalpador”.

Durante os cursos 2015/16 e 2016/17 a relación da comunidade educativa co barrio está sendo moi estreita.

COMO ESTAMOS

No momento actual nos atopamos na posta en marcha do plan de convivencia tomando como referencia a nosa propia experiencia de anos neste centro escolar. Esta experiencia fainos pensar que cada curso escolar é necesario renovar información para que a consecución deste plan sexa realista e eficaz.

QUE FACEMOS

Pensamos que as accións encamiñadas a conseguir unha boa convivencia nunha comunidade pasan por xerar propostas que xeren por si mesmas as

situacións nas que os diferentes sectores teñan que solucionar os atrancos que poidan xurdir entre as persoas.

A boa convivencia se acadará día a día participando activamente na vida do centro, polo que a proposta de proxectos nos que tódolos sectores da comunidade se sintan implicados e escoitados vai xerando un sentimento de pertenza que fortalece a convivencia.

Así moitos dos problemas de relación que poidan xurdir entre o alumnado poder ter un camiño a través dos xogos, xa que esta é unha actividade que pola súa propia natureza obriga aos participantes a negociar e respectar dun xeito espontáneo e significativo.

Organización de xogos no patio.

Asemade a base para unha boa convivencia entre o profesorado será establecer e consensuar uns obxectivos de traballo que se revisaran cada curso escolar que aúnen os esforzos de tod@s. [Proxecto anual de centro.](#)

A participación e a convivencia coas familias e cos demais sectores da comunidade educativa a conseguimos implicándonos en proxectos cun obxectivo común que impliquen a participación de todos.

Proxecto “O noso patio”

QUE QUEREMOS

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e mellora da convivencia no centro.

- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia a adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia do centro.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

COMO O FAREMOS

Temos en conta os dereitos e deberes do alumnado, das familias e do profesorado e persoal non docente, recollidos na LEI 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa(DOG do 15 de xullo de 2011) no que se desenvolven os dereitos e deberes de convivencia e participación directa.

Temos tamén en conta o órgano de representación do centro, é dicir, a ANPA, que representa o colectivo das familias que son parte da comunidade educativa.

Finalmente os órganos unipersoais, formados pola directora, xefa de estudos e secretario que traballamos de forma coordinada no desempeño das nosas funcións e os órganos colexiados, formados polo consello escolar e o claustro xunto cos órganos de coordinación docente (EACE, EDLG, CCP, EB, DO, TICS).

A través das titorías fomentamos e facilitamos tamén a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia do centro.

NORMAS DE CONVIVENCIA

No centro

NORMAS PARA AS ENTRADAS E SAÍDAS DO CENTRO

Sobre as entradas ao centro

As portas exteriores do Centro abriranse as 8:50 horas.

Cando soe a música as alumnas/os deberán estar na súa fila para entrar nas aulas.

As familias permanecerán arredor do espazo das filas sen ocupalo.

As profesoras recollerán as súas filas e dirixiranse as aulas para comezar as clases.

En EP as profesoras de garda serán as encargadas de mandar subir ás alumnas e alumnos e vixiarán as escaleiras e entradas nas aulas.

As alumnas e alumnos de EP que cheguen tarde subirán sós as súas aulas e as de E. I. poderán acompañalos ata o comenzo do corredor de infantil.

Sobre as saídas ao centro

As porta do Centro abriranse as 13:30 horas para permitir o acceso ao Colexio dos país, titores ou persoas autorizada para a recollida das alumnas e alumnos.

A saída de EI realizarase ás 13:50 e farase polas portas que comunican co comedor. As titoras acompañarán as alumnas e alumnos e deixarán a cargo das encargadas ao alumnado de comedor.

As alumnas e alumnos de EP baixarán acompañados das profesoras que están impartindo clase as 14:00 horas e cando soe a música. Acompañarán as nenas e nenos á porta principal para entregalos ás familias. Alumnas e alumnos de E.Primaria e con previa autorización familiar poden ir a casa soas. O alumnado de comedor fai unha fila no corredor de infantil e agarda ata que a Xefa de Estudos os acompaña ata a saída do comedor.

No caso de emerxencia ou desaloxo as saídas se farán atendendo ao Plan de Autoprotección do centro.

Cando se produza un retraso na recollida de algún alumno se contactará coa familia sendo o profesor/a que acompañou ao alumno o encargado de facelo e de agardar pola súa recollida. O equipo directivo estará atento a estes casos decidindo que facer en casos reiterativos.

As saídas do Centro antes do horario se producirán sempre con causa xustificada pola familia que acudirá a recollelos e firmará en conserxería a autorización.

NORMAS DE AULA

- Acordaranse ao comenzo do curso entre todos (titor, nenos) unas normas básicas de aula para regular o correcto funcionamento da mesma.
- Manteráse na aula un clima que permita traballar con tranquilidade, evitando berros, ruidos e molestias innecesarias.
- Potenciarase a compañerismo e a colaboración.
- Respeto mutuo e base das relacións por iso procurarase o uso de solucións pacificas dos problemas e das situacións conflictivas.
- Porase especial coidado na utilización e conservación dos materiais da aula e procurarase contribuir ao mantemento da limpeza nela.
- Os alumnos deberán sentarse de forma correcta, tendo en conta hábitos saudables.
- Influiráse no alumnado para que garde as normas de cortesía nos saúdos, nos modais, e no vocabulario.

NORMAS DE RECREO

Todo o alumnado fai un recreo de trinta minutos vixiado por oito mestres en quendas alternas.

- Tres mestres/as vixiarán o patio de E. Infantil,
- Catro mestres/as vixiarán o patio de E. Primaria, repartíndose de forma que abarquen todo o patio. (Un na pista cuberta, dous nas pista central e outro no lateral da entrada)
- Dous mestres do equipo da biblioteca, un en cada quenda se farán cargo da garda da Biblioteca.

- O profesor de Relixión non fará gardas xa que só acode dous días ao centro e ten xornadas completas.

Os recreos comezan as 11:30. Cando soe a música as nenas e nenos cando o profesor o indique se prepararán dentro da aula para o recreo. Os alumnos de EP baixarán as merendas ao patio mentras que os de El tromarán as súas merendas nas aulas antes do comezo do recreo.

Os alumnos de Primaria poden decidir libremente se queren baixar ao patio ou queren acodir á biblioteca. As baixadas de estos alumnos se farán pola porta traseira agás os que vaian a biblioteca que deberán cumprir as normas da biblioteca. Se desexan baixar dende a biblioteca farano pola porta dianteira.

Ningún alumno de primaria permanecerá nas aulas durante o recreo se non é coa compañía de algún profesor.

As nenas e nenos de El sairán ao patio de diante. O seu tempo de recreo será o mesmo que para primaria agás que as súas titoras decidan alongalo e a vixancia será a súa responsabilidade.

Establécense as seguintes normas en relación coas gardas de recreo:

Como norma xeral...

- Os mestres e mestras que estean de garda non poden quedarse co seu grupo na aula salvo no caso de que cambien dita garda cun compañeiro ou compañeira.
- Cando hai saída didáctica non é preciso que os mestres que saen co grupo e lles coincide garda cambien dita garda. Xa se organiza dende a Xefatura de Estudos a súa substitución, caso de que fose preciso tendo en conta a ratio de alumnado por profesor.

Cando se suspende de forma xeral a saída ao recreo debido a causas climatolóxicas:

- Os grupos quedarán na aula atendidos polo mestre ou mestra que tivera clase con ese grupo a terceira hora. Suspenderíase tamén a actividade de biblioteca.
- En caso de que coincidan dous ou máis mestres nesa hora, estes poñeranse de acordo para decidir quen supervisa o grupo, pero os alumnos estarán todos na mesma aula.
- Os demais mestres ou mestras apoiarán aos compañeiros que están nas aulas.

Se algún grupo decide quedar na súa aula deberá ser atendido polo seu titor ou titora sempre que este non teña garda.

En infantil no caso de que se decida non saír aínda que ese día se considere de patio (chove pouco) farán a garda repartidos os que lles toca quenda.

O profesorado deberá estar a disposición do centro no horario do recreo polo que non temos permitido saír do centro sen previo aviso e causas xustificadas.

NORMAS PARA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Correspóndelle ao equipo directivo a organización e distribución dos espazos do centro que debe figurar na PXA.

Todos os membros da comunidade educativa teñen a obriga de manter as instalacións do centro nas debidas condicións de hixiene e salubridade,

ademáis de coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalación do centro.

As aulas deberán estar coidadas, recollidas, limpas e ordeadas o mesmo co patio.

Art. 40 Uso das instalacións e equipamento do centro

Tódalas instalacións, mobiliario e material do centro deberá ser coidadosamente usado pola comunidade educativa. Cando algún membro desta cause danos intencionadamente ao mobiliario, material ou instalacións do centro queda obrigado a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación ou reposición.

A utilización dos medios do centro (fotocopiadoras, impresoras, ordenadores,...) estará limitado a aspectos docentes, de carácter educativo ou administrativo. Non está permitido o uso de carácter persoal e/ou con finalidade non educativa.

Art. 41. Tenencia e uso das chaves dos accesos.

Os membros do persoal do centro que precisen acceder ás dependencias fóra das horas de actividade, por causa motivada e relativa a funcións ou cometidos relacionados coa actividade académica, poderán dispor de chave de acceso.

Tamén poderán dispor de chaves aqueles responsables de servizos complementarios e/ou actividades a realizar fóra do horario lectivo sempre a cando sexan autorizados pola dirección do centro. A tal efecto quedará constancia por escrito de dita recepción e de ter en conta o prescrito no punto 4º deste artigo.

As chaves solicitaranse á Dirección. Debe quedar constancia por escrito do motivo de acceso ao centro, da recepción das chaves e da súa devolución cando sexa o caso.

O interesado, ao recibir as chaves, constitúese a tódolos efectos no seu depositario, e adquire a obriga de non cedelas a terceiros, non facer copias delas, comunicar o seu extravío, se fose o caso, e a devolvelas no seu momento.

Ao facer uso da chave, a porta debe quedar pechada. En caso contrario o usuario incorre en responsabilidade polos feitos que se puidesen derivar.

Art. 42. Persoas autorizadas.

Como norma xeral, o acceso, estancia e uso do recinto e das instalacións están reservados ao persoal e alumnado do Centro.

Poderán ademais acceder ao edificio as persoas que precisen realizar trámites ou xestións no Centro. Estas deberán dirixirse á conserxería, na cal darán conta da finalidade da súa presenza. Deberán seguir a indicación do/a conserxe e acreditar a súa identidade cando sexan requiridos.

En ningún caso estas persoas poderán acceder aos corredores, servizos, salas e aulas sen mediar a oportuna autorización.

Asemade, ninguén poderá acceder aos espazos didáctico-pedagóxicos, incluídos os corredores, durante as horas de clase sen a debida autorización. Segundo vén marcado pola ordenanza que regula os centros de Educación Infantil e Primaria.

Art. 43. Hixiene e sanidade

As instalacións do centro estarán en perfectas condicións de limpeza e respectarán as debidas garantías de hixiene. Da súa inspección encargárase o/a conserxe e o persoal de limpeza que comunicarán á dirección do centro calquera anomalía.

Extremaranse as medidas preventivas con produtos que poidan ser

tóxicos ou perigosos, permanecendo sempre fóra do alcance do alumnado. Cando se estean efectuando labores de limpeza deberase poñer especial coidado cos produtos utilizados para que non estean ao alcance dos nenos/as.

Art. 44. Uso das instalacións do centro por parte da comunidade educativa.

Para a utilización das instalación por parte das ANPAs, asociacións de antigos alumnos, seminarios ou grupos de traballo e grupos de profesores ou membros da comunidade educativa, presentarase a solicitude previa a directora do Centro cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar.

Para uso ocasional e con carácter excepcional o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Para a utilización das instalacións dun Centro público por parte de entidades ou persoas alleas a comunidade escolar do Centro, presentarase a solicitude ante a dirección do Centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección educativa.

As instalacións dos Centros estará sempre a disposición da Administración Competente.

As normas de convivencia teñen por obxecto concretar as condutas non acordes co disposto no presente regulamento e establecer a forma en que estas teñan que ser corrixidas.

O obxectivo do presente documento é fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e a mellora das relacións entre os membros da comunidade educativa; darase prioridade ao uso do diálogo na resolución dos conflitos.

1. Uso do diálogo na resolución dos conflitos

Art. 53. Mediación.

De producirse un conflito entre os membros do alumnado ou entre estes e o profesorado, o/a titor/a deberá mediar para resolvelo.

De non chegarse a acordo tras a mediación do titor, as partes poderán recorrer á Xefatura ou á Dirección que, de non haber acordo, establecerá a corrección que proceda, incoará o correspondente expediente ou elevará o tema á superioridade

Art. 54. Conciliación.

Antes de decidir a incoación de expediente, o Director/a tratará de propiciar a conciliación entre as partes. Tras iniciarse o expediente, as iniciativas de conciliación deberán partir dos interesados. Constará o protocolo de intervención en caso de incoación de expediente sancionador nun anexo deste documento.

O acordo entre as partes, coa oferta e aceptación das reparacións

que procedan, e co asentimento do Director/a, comportará a non incoación ou o arquivo do expediente por parte deste.

O Director/a non dará o seu consentimento se o acordo entre as partes vai en detrimento dos intereses xerais, e mesmo non dará cabida á conciliación cando a imposición dunha sanción sexa inescusábel para evitar o descrédito da norma e dos valores que esta ampara.

2. Observatorio de convivencia

Artigo 55. Funcións

Corresponde ao Consello Escolar velar polo cumprimento das normas e a adecuada aplicación das correccións. Para facilitar este cometido constitúese no seu seo o **Observatorio de Convivencia** que terá as seguintes funcións:

- a) Adoptar ou propor ao Consello Escolar medidas preventivas para garantir o respecto ás normas de convivencia.
- b) Mediar e resolver nos conflitos que xurdan e canalizar iniciativas de mellora da convivencia.
- c) Coñecer as actuacións correctoras que a Dirección realice no campo das súas competencias.
- d) Ser informado do cumprimento das sancións impostas e acordar, cando proceda, o seu levantamento.

Para o exercicio dos seus cometidos a Comisión reunirase regularmente ao longo do curso, como mínimo unha vez ao trimestre e, excepcionalmente, se as circunstancias o requiren, por convocatoria da Dirección.

3. Principios do procedemento corrector

Artigo 57. Finalidade e condicións da actividade correctora

1. As correccións terán por finalidade a mellora da formación e integración do alumno/a e o restablecemento do respecto aos dereitos e ás normas que os amparan.
2. As correccións impostas deberán gardar proporción coa falta cometida, estaren claramente xustificadas e evitaren o carácter indiscriminado.
3. Non se poden impor correccións que priven ao alumnado da educación e da escolaridade.
4. Non se poden impor correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno. As amoestacións e reconvencións que afecten ao seu ámbito privado ou á súa imaxe persoal terán carácter reservado.
5. Terase en conta a idade, condicións persoais e situación socio-familiar dos alumnos á hora de valorar un incumprimento.
6. Propiciarase o exercicio da función mediadora do titor/a.

4. Normas básicas de convivencia

Art. 63. Son esixíbeis en todo momento e situación as seguintes normas básicas de convivencia:

1. Respecto ás persoas, á súa integridade física e moral, aos seus dereitos e ás súas pertenzas.
2. Respecto ás actividades do centro, á súa organización e aos seus responsábeis.
3. Respecto ás instalacións e materiais do centro e ás súas normas de uso, así como ás pertenzas dos compañeiros.
4. Respecto ás normas de hixiene e limpeza.
5. Asistencia ás clases e actividades obrigatorias, cumprindo con puntualidade os horarios.
6. Respecto aos documentos do centro e ás comunicacións entre este e as familias
7. Non está permitido ao alumnado o uso de móbiles ou dispositivos electrónicos durante a xornada escolar polo que non se deberá traer ningún aparato ao centro, en cumprimento das sancións e das normas establecidas neste Regulamento.

5. Erradicación de prexuizos sexistas.

Art. 64. Erradicación de prexuizos sexistas no centro.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán

ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

3. Ditas condutas son contrarias ás normas de convivencia do centro e en función da súa gravidade terán o tratamento correspondente que a continuación se redacta.

Condutas contrarias ás normas de convivencia

- *Conductas contrarias á convivencia*

Art. 65. Clases de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Art. 66. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia. l) O incumprimento das sancións impostas.

Art. 67. Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa do apartado a), os actos de discriminación do apartado b), os actos de indisciplina do apartado c), os danos do apartado g), os actos inxustificados do apartado h) e as actuacións prexudiciais descritas no apartado i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes,

complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado l) do artigo anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Art. 68. Prescripción das condutas contrarias á convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conducta, e continuarase o cómputo do prazo de prescripción para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

- *Correccións ás condutas contrarias.*

Art. 69. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- d) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Cambio de centro.

Art. 70. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Art. 71. Gradación das medidas correctoras.

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas tecnolóxicas, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata

dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Art. 72. Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Art. 73. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.

2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á dirección do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instructor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

6. Realizado o trámite de audiencia, a dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

8. A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos no apartado f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Art. 74. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefatura de estudos no caso das medidas previstas nos apartados a), b) e c) das Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefatura de estudos no caso das medidas previstas nos apartados a), b), c) e d) das Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

c) A xefatura de estudos, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos apartados a), c), d), e) e f) das Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.

d) A dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos apartados g) e h) das Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

- *Aula de convivencia inclusiva*

Este apartado está en proceso de elaboración polo departamento de orientación do centro.

PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICAS

1. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Para todo este protocolo traballaremos coas normas do protocolo xeral facilitado pola Consellería (educonvives).

Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

A existencia de intención de facer dano. Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dan conscientemente.

A repetición das condutas agresivas.

A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

A duración no tempo.

Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

- **Tipos de acoso**

Exclusión e marxinação social: Activa: Non deixar participar/ Pasiva: Ignorar.

Agresión verbal Directa: Insultar, poñer alcumes ofensivos...

Indirecta : Falar mal de alguén ás súas costas.

Agresión física Directa: Pegar. Indirecta : Agachar cousas. Romper cousas. Roubar cousas.

Maltrato Mixto: Ameazar para meter medo. Ameazar con armas. Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).

Acoso sexual físico: Actos.

Acoso sexual verbal: Comentarios.

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono móbil, redes sociais... (ciberacoso). Algúns exemplos de manifestación a través das TIC son: mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non

desexadas; correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados; utilización da súa imaxe sen permiso, gravacións de sucesos co móbil sen permiso, outros.

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios, na fila, nos baños, nos corredores... na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor, no transporte escolar, nas entradas ou saídas do centro, no exterior do centro, a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas ...), por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

Polas características da vítima pode haber manifestacións específicas de acoso: racista,

homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade ...

Protocolo de actuación

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle

trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de tutoría, comunicación verbal a un adulto, caixa de reclamacións,

queixas e suxestións do centro.

- Familia: atención de tutoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección, caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.

- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.

- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.

- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

A continuación, rexistrarase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo 1.

En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo

Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas

urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- ✓ Vixilancia específica das persoas indicadas.
- ✓ Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- ✓ Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- ✓ Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- ✓ A persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro.

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos 3 e 4.

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso.

Recollida de información e rexistro

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos

entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- ✓ Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- ✓ Persoa que recolle a demanda.
- ✓ Persoa que comunica a situación.
- ✓ Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- ✓ Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- ✓ Feitos observados.

Entrevista individual á presunta vítima

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as, sen confundir “sermón” con entrevista. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, se non está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras

Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s

Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro

Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso

Para todas estas entrevistas utilizaranse os anexos que aparecen no protocolo xeral facilitado pola Consellería de Educación.

Análise da información e adopción de medidas

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- ✓ Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- ✓ Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- ✓ Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Adopción de medidas educativas

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples ás posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- ✓ Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- ✓ Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- ✓ Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- ✓ Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- ✓ Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- ✓ Tutoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...

- ✓ Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- ✓ Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- ✓ De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.
- ✓ Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s .
- ✓ Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- ✓ Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s.

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- ✓ Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- ✓ Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do

procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

- ✓ Formación de equipos de mediadores.
- ✓ Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
 - ✓ Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
 - ✓ Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solución alternativas á agresión...
 - ✓ Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
 - ✓ Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s.

Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

Outras medidas:

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.

- ✓ Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía ...
- ✓ Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- ✓ Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- ✓ Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- ✓ Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias.

- ✓ Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- ✓ Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- ✓ Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

- ✓ Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- ✓ Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- ✓ Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente.

- ✓ Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- ✓ Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- ✓ Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- ✓ Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- ✓ Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.

- ✓ Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

2. Protocolo ou programa de mediación

PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN Á ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

As habilidades e competencias sociais son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións) entre os que están:

- Asertividade.
- Empatía.
- Saber escoitar.
- Definir un problema.
- Avaliación de solucións.
- Negociación.
- Capacidade de desculpa.

Estos programas pretenden:

- Potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos.
- Desenvolver e construír habilidades de comunicación.
- Clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar cos outros.

Establécense tres niveis fundamentais de actuación que se traballarán dende a titoría e no centro educativo:

- *Ensinar a ser persoa*: identidade, integración no grupo, desenvolvemento persoal e afectivo.

- *Ensinar a comportarse.*
- *Ensinar a convivir*, desenvolvendo capacidades sociais básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

O departamento de orientación será o responsable do deseño e desenvolvemento do programa.

QUE NECESITAMOS

Concienciación e formación por parte do profesorado no traballo con programas que incidan cada día na aula enfocados a conseguir as habilidades e competencias que previamente foron nomeadas.

APLICAMOS

Neste apartado nos referiremos aos cursos 2015/16, 2016/17 correspondentes ao mandato do actual equipo directivo.

CURSO 2015-2016

Calquer proceso que se poña en marcha co eixe prioritario de facilitar a convivencia, ten que partir da creación de unha auténtica Comunidade Educativa na que tod@s os seus membros se sintan participes e integrados.

Para conseguir un obxectivo tan amplo pensamos que debemos artellar as tarefas arredor dun fin que sexa significativo e importante para tódolos membros da Comunidade (nenas/os, familias, profesorado, persoal non docente) e incluso poder integrar elementos da nosa contorna.

Poder intervenir nos espazos que habitamos é unha oportunidade única para poder pensar e definir como queremos vivir e relacionarnos.

Deste eixo central xurde o proxecto **“O noso patio”**.

A través dunha reflexión, meditada e consensuada, entre familias e membros do equipo directivo nos propuxemos facerlle ao actual goberno municipal unha proposta de rediseño do espazo onde poidamos intervir tod@ a comunidade educativa empezando polos máis implicados, os propios nenos e nenas.

Coícidimos na importancia **da participación en todo o proceso** e o consideramos non só un acto participativo senón tamén un acto educativo.

Sabemos da importancia que ten para crecer estar inmersos nun proxecto cidadán e que ten xerar un sentimento de apego ao público.

Se partimos de facer propostas onde se teñen en conta as necesidades e os desexos dos que habitan estes espazos o coidado e a conservación do entorno están asegurados e se interiorizan como parte dunha conciencia cidadá.

E se ao mesmo tempo temos a posibilidade física de participar na construción de este habitat o faremos máis noso e participaremos na súa conservación.

Non pretendemos, nin buscamos, habitar un lugar aséptico e frío.

Pedimos unha intervención sinxela, sostible, alegre e acolledora onde tod@s poidamos participar.

Estas son as actividades que realizamos durante este curso.

1ª Fase. Xestación do proxecto

Realización de diferentes reunións entre membros do equipo directivo e membros da ANPA nas que vai nacendo a idea.

Elaboración dun documento de partida consensuado por membros tanto do sector das familias como polo profesorado.

Presentación da idea ao Concello.

Organización dun seminario impartido por “Imagine Elephants”, organizado e financiado por un grupo de profesoras e familias.

Traballo nas aulas entre o profesorado e o alumnado para comezar a recoller soños e desexos en forma de debuxos, collage en fotografías

Elaboración de enquisas para a recollida de opinións das familias.

Recollida de datos das enquisas.

Apertura de blogue de comunicación entre o centro e as familias.

Creación dunha páxina web para manter ás familias informadas dos fitos mais importantes do proxecto.

Organizar unha xornada de festa para visualizar **OUTRAS POSIBILIDADES DE OCUPAR O PATIO.**

Equipas de traballo para a preparación dos diferentes obradoiros que imos levar a cabo nesta xornada, poñendo especial fincapé na participación paritaria de nenas/nenos , nais/pais.

Obradoiros da xornada

CURSO 2016-2017

Durante o presente curso estamos inmersos no proxecto de xeito que a meirande parte das actividades que realizamos estarán directamente relacionadas co ámbito da convivencia, xa que logo, se articulan numerosas interrelacións entre os diferentes membros da comunidade e se incide especialmente no grupo alumnado.

1º Trimestre

2ª Fase . Sentir o espazo e materializar os desexos. (fase financiada polo Concello de A Coruña)

Intervención dunha equipa de mediadoras que traballarán con nós, centrando o seu traballo na participación das nenas e nenos. Froito deste traballo se redactará un informe no que se recollan as posibilidades de intervención reais e consensuadas para o noso patio. Ao mesmo tempo as alumnas e alumnos elaborarán unha maqueta colectiva onde poidan visualizar ese patio posible.

O proxecto presentado polas mediadoras contempla a perspectiva de xénero en todas as súas intervencións:

Nas accións abertas ou visibles sempre se procura a paridade de presenza de nenas e nenos cando non máis nenas. Na presentación do proxecto ao barrio son todo mulleres.

Proporciónase sempre un espazo de coidados cando se fan intervencións coas familias e hai sempre un neno ao coidado destes espazos.

O traballo de recollida de soños parte dun conto onde a protagonista é unha nena , a partir do cal se lanza a pregunta: Cómo sería un patio no que as nenas o pasarían igual de ben que os nenos?

Se crea a figura de patio-observadores onde figurará un profesor/a, un neno e unha nena, un pai e unha nai.

Moi importante en relación coa mellora da convivencia é a metodoloxía empregada por esta equipa da que reflexamos literalmente o seguinte parágrafo:

“Ao igual do que nas fases precedentes, este proxecto é moito máis ca unha recollida de ideas para o patio. Os obxectivos transversais que estiveron presentes nesta fase **foron a educación en valores para a participación, o contacto coa institución, o achegamento de toda unha comunidade á planificación urbana participada, o traballo de xénero, ou a reflexión sobre os espazos da infancia e outras maneiras de xogar e habitalos.**”

3ª Fase. Proxecto de execución

Adecuación do informe elaborado na fase participativa para poder elaborar un proxecto de execución.

No momento da elaboración deste plan de Convivencia contamos cun informe técnico e comezaremos coa fase de transformación do espazo.

Se realizarán intervencións de mobiliario de patios, vexetación, intervencións artísticas que pretendemos materializar con unha intervención colectiva. Comezaremos durante o 3º trimestre colonizando unha primeira parte do espazo, continuando co traballo participativo.

Este proxecto permanecerá en proceso ata concluír tódalas súas fases e ata que a Comunidade Educativa así o decida.

A partir destas intervencións buscaremos as accións encamiñadas á mellora da convivencia no tempo de lecer e encaixaremos novas intervencións e programas para manter unha boa Convivencia no centro.

REVISAMOS E PROPOÑEMOS MELLORAS

Dada a natureza deste tipo de plan, partimos da necesidade dunha revisión constante e real para adaptar cada curso escolar ás características dos membros que forman nese momento a comunidade escolar e adaptalas ás súas necesidades, avaliando obxectivamente, en todo momento o proceso.

Neste senso as propostas de mellora deberán ser propostas cada curso escolar polos compoñentes dos diferentes órganos de goberno do Centro.